

Mapa de posicionamento

Determinando a situación do proxecto

O foco

É unha representación gráfica da situación do proxecto fronte a outros similares en semellantes circunstancias.

Os axentes

A persoa docente coordinará e dirixirá os pequenos grupos de traballo marcando as liñas para seguir e guiando a aprendizaxe.

Pódese delegar nunha representación do equipo mentres se avanza noutros aspectos relevantes.

O espazo

Espazos flexibles para traballar comodamente e materiais gráficos para as representacións.

O proceso

É sinxelo e simplifícase en tres fases:

- **Fase 1. Debuxar:**
Para iniciar o mapa debemos representar os eixos de coordenadas sobre o plano. O soporte pode ser variado, tanto físico como dixital.
- **Fase 2. Colocar**
No segundo paso colocamos as características sobre os eixos e establecemos os valores positivos e negativos.
- **Fase 3. Posicionar**
Representamos a colocación do proxecto no espazo tendo en conta o tamaño e a súa relación con outros proxectos similares que nos poden servir de referencia.